

**XIV Festival da Poesía no Condado.  
A poesía é uma arma carregada de futuro. Insubmissom!**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

*XIV Festival da Poesía no Condado. A poesía é uma arma carregada de futuro. Insubmissom!* (2013 [1994]). Fornelos da Ribeira - Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Desportiva Condado. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2559>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

*XIV Festival da Poesía no Condado. A poesía é uma arma carregada de futuro. Insubmissom!* (1994). Fornelos da Ribeira - Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Desportiva Condado.

\* Edición dispoñíbel desde o 21 de marzo de 2013 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

S.C.D. Condado



XIV Festival da Poesia no Condado - Fornelos (Salvaterra de Minho), Setembro de 1994

# XIV FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO




FORNELOS DA RIBEIRA- SALVATERRA DE MINHO  
SETEMBRO 1994

# XIV FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO



FORNELOS DA RIBEIRA- SALVATERRA DE MINHO  
SETEMBRO 1994



**EDIÇOM :** *Sociedade Cultural e Desportiva Condado*

**COORDENAÇOM:** *S.C.D.Condado*

**MAQUETAÇOM:** *S.C.D.Condado*

**DEBUXO PORTADA:** *Gondar*

**PROMOVE:** *Deputación Provincial de Pontevedra*

**COLABORAM:** *Xunta de Galicia , Mancomunidade Baixo Minho*

*e Concelho de Salvaterra*

**IMPRIME:** *Imprenta Deputación Provincial*

**D.LEGAL:** *PO- 292 - 94*

# LI MIAR

.....  
.....  
.....  
.....

## **INSUBMISSOM, UMHA ATITUDE ANTE A VIDA**

*O cárcere ou a perseguição é o remédio reservado aos moços que-  
fam da insubmissom da objecção de consciência, umha obriga moral e  
política. Como sempre a repressom constitue-se no elemento determinan-  
te para que o Estado consiga os seus objetivos. Negar-se a cumprir o ser-  
viço militar é mais algo que negar-se a colher umha arma nas mans. É  
umha atitude que compromete à pessoa com a solidariedade com os  
povos oprimidos polos exércitos imperialistas, com a sua liberdade, e que  
ataca a umha instituição jerarquizada, machista e continuadora da tra-  
dição católica mais reaccionária.*

**Ser insubmisso na Galiza é um claro compromisso de desobe-  
diência ao colonizador**

**S.C.D. Condado**

## INSUBMISIÓN, UNHA ACTITUDE ANTE A VIDA

por Roberto Vidal Bolaño

*Ser quen de poñer tesos, ou firmes como lle din eles, a cen ou mais homes a un tempo cun berro canto mais estarrecente mellor e ademais senterse alguén ó facer, non deixa de ser unha vaidade perigosa que, como tantas outras propias da milicia, pon en entredito a condición do home como ser libre, racional e intelixente. Como o de levar o paso, que é outra floritura da que o militarismo impregnou á sociedade, e que só serve para deixar claro quen manda e con cal fin. Por iso nunca lle din atopado o chiste ó conto aquel do recluta que levando o paso cambeado, afirmaba sen titubeos, ó llo facer notar, que quen o levaban mal eran os outros. É de supoñer que porque a min, tanto na vida cotián como no exército, sempre me custou máis do prudente levar con marcialidade o paso de máis grea cá de dous ou tres á vez. Pero sobre todo, porque no fondo, o tal chiste e a insultante obviedade da súa moralexá disciplinaria, sempre me pareceron unha perversión comenciada e pataconeira da orixe certa de moitos dos procesos de cambio que ó longo da historia, ensancharon e engrandeceron os horizontes dese outro home posible no que algúns aínda acreditamos.*

*I é que, como é sabido, o paso cambeado pódese levar non só por antollo ou por torpeza, senón, e sobre todo, como un exercicio de liberdade conscente e responsable, estimulado pola razón, e nado do convencemento, de común atinado, de que son os outros os que andan en circo, non van a ningures, ou seguen o ritmo e o paso marcados porque quen o marca é o poder, e porque para satisfacer cativas ambicións domésticas, sempre é máis ventaxoso ir do par do vento que contra el, sen se preguntar cara onde é que o tal vento nos vai levando.*

*Por iso en tempos como estes, con tanto apóstolo da submisión a xornal e tanto exército disciplinado levando o paso, non deixa de ser esperanzador que aínda haxa quen o leve ó seu xeito, a contrapelo, opoñéndose a algo franca e abertamente sen seres leal oposición ou aspirante con posibilidades. Só porque lle peta, porque esa é a súa convicción e a súa bandeira diante de tódalas outras que alimentan este presente de pouquidade.*

*Poida que sexa o derradeiro folgo dun sistema de valores que esmorece, mais có primeiro dun novo que alenta, pero é algo que é de xustiza que a poesía celebre, ou do que se sinta solidaria, aínda que só sexa porque escasea ou porque é raro. Ó cabo, ela, a poesía, nas diferentes formas artísticas nas que se manifesta, cando é verdadeira, non vén sendo outra cousa ca un xeito de insubmisión permanente fronte a vileza, a mediocridade, e o asoballamento. E esa outra insubmisión, hoxe expresada maiormente como negación á prestación do Servicio Militar Obrigatorio ou ás súas formas subsidiarias, un xeito de poesía volta berro, pancarta, encerro ou sentada, que se está a escribir en papel de oficio ou nos cárceres, e na que resoan palabras vellas e desusadas como; represión, inxustiza, sufrimento, vixentes e verdadeiras como a xente que nolas trae, e que nos dí a cada pouco que a liberdade aínda é un soño a perseguir con teimosía e a dignidade un recuncho do ser propio ó alcance da man de calquera, aínda que siga a ter un precio moi caro e non vaia a estar nunca de saldo.*

*Que esta Festa da Poesía, exemplo de insubmisión durante tantas edicións xa, serva para lle dicir a esa maioría disciplinada que vai cara non se sabe, e a quen manda, que hai algúns que non marchan con eles porque se queren soberanos da súa concencia e dos seus actos, donos do seu propio destino. Que se negan a ser participes dun xogo cínico, minteiro e asoballador que perpetúa a explotación e a violencia e relea as liberdades. E que por mais que o bater marcial das súas botas de submisos e disciplinados pretenda, e consiga ás veces, aplastalos, non van impedir que mais de catro sigamos a crer que é neles, nos que levan o paso cambeado, en quen alenta a verdade que impórta.*




# GALIZA

.....  
.....  
.....  
.....

## RAMIRO FONTE

*Naceu en Pontedeume, no ano 1957.  
Vive en Vigo, cidade na que é profesor de Lingua e Literatura Galega. Ten publi-  
cados os seguintes libros de poemas: **As cidades da nada**(1993), **Designium**  
(1984), **Pensar na tempestade** (1986), **Pasa un segredo** (1988), **Adeus norte**  
(1991), **As lúas suburbanas** (1992), **Luz do mediodía** (1994).*



*No xardín onde caen as cidades do tempo*

## SE CAEN

Se caen as cidades abertas, se as deixamos  
Render ou entregámolas espidas  
Coma o ceo que as cobre sen piedade  
E que non sabe como poderá protexelas,

¿Que muíños futuros haberán de moer  
Esa fariña branca da reconciliación?  
¿Que pontes poderán avincallar, fraternas,  
As ribeiras do tempo  
Así non sucedese  
A estiaxe das augas, mensaxeiras de fontes,  
A desgracia das fontes que non logran  
Prometer novos ríos nas súas augas?

Se caen e non temos  
Fío para tecer inmensamente  
As corsarias bandeiras da esperanza  
Que poidan envolvelas  
Nun sudario de vida que acollese  
O corpo solidario dos seus mortos,

¿Quen vai subir ás torres da súa melancolía?  
¿Quen baixará a escaleira das súas sombras cegas?

.../...

.../...

¿E quen de nós será futuro viaxeiro,  
Paseante seguro, explorador de rumbos  
Polas prazas que toma, certo, o corazón  
Porque xa as espreitara antes de velas?

Se caen as cidades abertas, ofrecidas,  
Lucidamente tráxicas, heroicas  
Coma as xentes veloces, que atravesan  
A rúa decisiva na hora vulnerada  
Porque buscan o pan e o leite negros,

¿Quen poderá albiscar na poeira dos séculos  
As capitais da dor que non salvamos?

¿Que palabra inocente reparará as feridas  
Se as que deitan os labios son palabras culpadas?

No xardín onde caen as cidades do tempo  
Algo vai florecer  
Sete rosas máis tarde,  
Pero nós non sabemos pronunciar o seu nome.

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

Vigo 1950. Poeta dedicación insumisa.  
Matei ao tenente facha de Valladolid coas balas dun dodecasílabo. El non enten-  
de o que digo, pero está morto igual.  
O meu último libro chama-se **Colección de espellos**.



Matei ao tenente facha de Valladolid

*INSUMISION (ESTAMPA NOSTALXICA)*

Xullo do setenta e dous no campo de instrución,  
Cheiraba a morto o muro de perpiaño e viña un eco  
de corpos masacrados e siluetas fascistas  
e Franco cabrón reinaba aínda  
na cátedra do altar  
con deus sagrada hóstia mariscal de campo,  
sangrante corazón de infantería.

Eramos cen soldados  
debaixo do sol rei en posición de firmes  
tocando con dous dedos  
a boca apagachamas do fusil,  
ergueito o cráneo hirsuto, ergueita alma baleira,  
ergueito e rixo todo a non ser o instrumento imprescindible  
que mais traballo daba  
manter en pé de paz, por causa do bromuro.

Nunca vou esquencer ese estoupido  
que ninguén dirixiu.  
Unha pantasma  
de insumisión (non tñamos palabra)

.../...

.../...

percorreu as fileiras  
da quinta compañía en posición de firmes  
sobre a terra amarela do campo dos mortos.

O tenente facha de Valladolid  
mandou dereita ar e todos os fusis en movemento concertado  
decidiron de súbito un único obxectivo: o corpo  
do tenente facha de Valladolid.

O tenente facha de Valladolid  
caeu morto de medo berrando compaixón. Os cetmes  
non tiñan balas. O medo insuperábel  
non é causa eximente en xuício militar.

## *DE MAÑA QUE MEDO (Fragmento)*

*E* de mañá qué ira  
contra os dentes das serras oxidadas  
contra as augas de ferro e o descenso  
polo pátio interior (morte casual)  
e a morte no equilibrio dos tellados  
e a morte bendecida por escuro deus azul

ira  
en memoria dos que foron roubados do leito en alba escura  
e camiñaron por rúas do monte distinguindo as frases das  
arañas e o cristal de fábrica do frío

e percorreron os últimos anos e os primeiros da casa que  
definitivamente abandonaban

porque após deles a morte de alzada man e de fouciño azul xa  
non deixaba tempo

mais que para ouvir as serpentes da pólvora e o sulco  
dunha bala negra atravesando a vida

## MARIA XESÚS PATO

*Nacín en Ourense, en agosto do ano 1955. Publiquei os meus primeiros poemas na revista Escrita, dirixida por Margarita Ledo. A continuación publico na Escolma de Poesía Galega (1976-1984), en Luzes de Galiza, Festa da Palabra Silenciada e Andaina. Teño publicados os libros: **A Cinza do Escorpión, Urania, Heloisa e Fascinio.***

*Entre outras cousas considero que o meu traballo poético e fundamentalmente o compromiso con esta lingua, con esta Nación. Lingua que me leva máis alá das palabras, que se escribe no meu rostro, nas miñas mans por ela mesma e que me desborda, que se desborda a ela mesma, e desborda a esta Nación.*



*Solarización dun pabillón do "Pasatempos" de Betanzos de Belén M. Fellin*

1.\_

... as mulleres continúan logo de facer as correspondentes estiva-  
das, carrexando leña para encher as pías

a baixar do monte toradas de piñeiro

contribuindo co seu traballo as tarefas da xábega

os rapaces maioritariamente descalzos, coas cabezas rasuradas e na  
sua totalidade presentan sinal de desnutrición ....

... dando por perdidos os suministros iníciase a busca da fragata co fin  
de obter un novo cargamento de armas e municións....

na verde boca

Cao Ling

Wolfram

a fragata Libelly

os indios Enmerillon

a reveladora

Deus

Sputnik

.../...



.../...

esa australia abaneada polo vento que me entolece nas bermas do soño

as anoréxicas trinta santas de Idade Media

a cadea de nais muller

o matricidio

mostrando ouro no índice

no pulso

setenta postas de sol

cinco mil castros

trescentas mámoas abeizoan o teu corpo

desandas

cara atrás camiñas o sentido

todos os teitos de colmo

bimbastro

bagalustro

ardora

celestes son as augas

.../...

.../...

ferve

riza

malla

ceifa

furna

GALLAECIA

¡¡¡ úberima de estrelas !!!

sirte

o descenso aos inferos

Faber and Castell

Irmarg Möller

Limasol

Antioquia.

2.-

Néboa

dentro vai o sol

vai o sangue

vai o pan

a fouce,

a orixe: unha andadura de palabras

o caliz dorme

a custodia

a milagrosa

todo envolto

palúdico

o sargazo

a lama

as defuntas están no álbum

no dique que prolonga a lúa

venden peixe

flores

.../...

.../...

rapadas

prendidas

mortas

fusiladas

no areal

no claro

portando lotes

na motora

as defuntas teñen dengue, mantelo. Saia

as defuntas cuidan cabras

lavan roupa

levan trenzas

asexan

amamantan

muller-redeira

muller-conserva

.../...

.../...

muller-ameixa

muller-xabón

muller-cordel

muller-pizarra

muller-botar o aire

muller-quiñón

muller-cooperativa

vértebra mamut

láctea

a cruz

o raio

a virxe ten melena

a virxe parece rubia pero é morena

a virxe ata un moño

dentro van os bois

entón

a perda

no vermello.

Abstracta.

## MARTA DACOSTA ALONSO

*Nacin en Vigo, en 1966. Desde 1987 resido en Compostela, vila que deu título e dalgún xeito provocou o poemario **Crear o mar en Compostela** (premio de poesía da A.C. "O Grelo") que se publicou en 1993. Nese mesmo ano participou tamén en **8 e médio**, unha carpeta de poesía realizada por oito autoras, publicada por Edicións do Dragón. Estas foron as publicacións máis importantes polo de agora, ata ese momento tiña publicado en diferentes revistas e mesmo nalgún libro colectivo.*



*Cada día descubrimos un novo recanto de esta terra*

1.-

Ao final do camiño estaban as cadeas  
como sempre estiveron, desde todos os tempos.  
Percorrida a nación en todas as distancias  
ao final do camiño estaban as cadeas.  
Alguén soñou quizais que a patria fora xa  
unha balsa de pedra a atravesar o océano,  
unha illa que fora arquipélago novo  
afastado de todas as seguras conquistas.  
Alguén soñou quizais, mais os soños rematan  
e no breve espertar están sempre as cadeas.

2.-

Non hai bandeiras vermellas

nin desexos.

Os homes van calados

e consenten.

Os ollos non se apartan do chan

e non encontran

os horizontes certos do camiño.

## MARGARITA LEDO

*Viu ao mundo en Castro de Rei-Lugo, en 1951. Foi profesora de Comunicació Audiovisual na Universidade Autónoma de Barcelona e dirixiu durante un tempo o xornal a Nosa Terra; na actualidade vive en Compostela donde exerce como Decana da Facultade de Ciencias da Información, pertence ao grupo de mulleres editoras da Festa da palabra Silenciada e da revista literaria a Trave de Ouro. Dentro da súa obra salientamos: **Parolar cun eu, cun intre, cun insecto, O corvo érgue-se cedo, Mamá-Fé, Trasalba ou Violeta e o militar morto, Prensa e galeguismo, Foto-xoc e Xornalismo en crise, Linguas mortas, Porta Blindada...***



*Ti, máis a túa obcecación polas interferencias*

## AEROPORTO

Vinte atravesar o control do aeroporto. De costas. Cuns tenis brancos. Non. Brancos non. Crús. Cuns tenis algo altos e cun vestido de tirantes coma un viso negro. Non déche-la volta. Non ollabas pola última vez como adoitás facer. Parácheste un cáseque nada no catafalco e na entrada falsa, nese **ready made** que destapa os alarmes. Mantivéchetes de costas mentres as túas costas se premeron sombreando o interior da columna porque poquiño a pouco ergúche-lo brazo e regalábaste en pechando o puño. Eu souben que nese momento botábaste a chorar.

A ausencia. Un home, un outro home, outro diferente. Quererías todo telo a man.

Tal e como adoita pasar contigo, a policía ficou descolocada.

Ti, máis a túa obcecación polas interferencias. A guerra fría.

---

Compostela, 5 de xuño de 1994

Post scriptum: Agora faisenos saber que o desembarco de Normandía fíxose contra a batalla de Stalingrado.

## FRANCISCO SOUTO

Nascin ao pé da Torre de Hercules no neboento outono do 62. Crescin no mar entre os argazos amoreados polas vagas e as laxes agochando tesouros. Desde os primeiros oitenta son obxector de consciéncia -sempre agardando con amargura o día de ir a cadea e escribir o libro da miña vida-. A final pasei a engrosar o listado dos "amnistiados" de que delicto?.Participei na fundazón de **Anacleto Obxecta** en A Coruña e **Rompanfilas** en Compostela. Participei na redacón das revistas **Os habitantes do Lago** e **Olisbos. Os amantes da palabra**,colaborando en outras como: **Albadabranca, Luzes de Galiza** e **O Mono da Tinta** e nos xornais **Diario 16 de Galicia** e **A Nosa Terra**. Nos cadernos da **Escola Dramática** publiquei recentemente a peza **Amar non ten laranxas**. Son coeditor dos cartóns de poesía **Ao Mar de Adentro, A Rota dos Baleeiros** e **8 e médio** no selo Edicións do Dragón.



No Concello vello de Göttingen-Alemaña

*OS DIAS NOS QUE O SOL*

*"Vêm do fundo da paz da terra os sonhadores"*  
*Fausto*

Ou sodes acaso  
dos que se aferran ao seu saco de miséria  
como quen palpa auroras  
sen atrever-se  
mesmo  
a perseguir estes destellos  
que adoecen nos ollos  
os dias nos que o sol



Aprendo a disparar con soltura  
os engados nos que caio  
apenas sinais de infarto  
na outoniza história dos degaros

Son a mansedume aceda do mutilado  
calada cervexa do esconxuro  
silêncio incendiado que nos convoca  
ao areal demente

Son  
a chave  
o sumo sacerdote  
a estirpe impósivel do dogma

teño  
entre os dedos  
o animal ferido dos desígnios

do meu sexo nasce a história

## RAFA VILHAR

(1968, Cee-A Corunha)

*Como todos os que aparecen por aquí é, à sua maneira, insubmisso. Este seica é independentista e, de cando em vez, sente-se-lhe falar de luta de classes, pro letariado ou poder popular. O de poeta vem-lhe de há tempo. Já é o quinto ano que o levamos controlando por terras do Minho e adoita andar com individuos de provada desobediência. Pode ser perigoso. Cómpre estreitar vigilância.*



*Tamém som insubmissos !*

Dixo o bardo:

Que os poetas de palácio  
Trousem  
Primaveras derramadas  
Sobre alfombras persas.

Dixo o guerreiro;

Que a paz que venha  
Seja flor nacida no gume da espada  
Deste povo nómada  
Que se fixo a fio  
Vesando a terra fértil.

Eis as profecias que espalhou o vento  
Nas ruínas dos castelos derrubados  
Cando o bardo brandiu a espada  
Para ser ponte tendida  
Ao paso errante do seu povo.

## AVES DO SUL

Aquelas aves do sul  
traíam nas asas

os vestígios do vento

Foram elas e nom a História  
as que decidiram ser passaros

e alçarem o voo

O rumo que marcaram  
era um último despertar

da cor do vulcám em erupçom

despregando um universo novo

de rochas ardentes

como se a terra de súpeto se fendesse

e descobrisse o epicentro

de todos os séculos passados

O temom foi firme tamém cando as tempestades

Somente aqueles passaros do sul

.../...

.../...

describiram no céu

umhas curvas imprecisas

os vaivéns que desmonstram no vazio

que incluso os astros erram a órbita que describem

ou que o brilho das estrelas nom sempre tem igual intensidade

Nom sei como

pero com aquelas aves do sul

tamém alguns aprendemos a voar

despreguizando as asas

e sacudindo a nossa rebeldia

ao bater do vento

.....  
.....  
.....  
.....

## XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

*Melide, Agolada e Cangas do Morrazo conforman os seus espacios de habitación. A poesía, o teatro e o xornalismo son os seus mundos creadores.*

*A evolución desde aquela poesía social dos "novísimos" denostados ata unha poética espida de toda retórica e de todo convencionalismo, a súa radical independencia fronte ás servidumes e os circuitos son o seu mellor motivo de orgullo.*

*Gándaras, Terra e pan, O espertar tamén é noso, Ofidios de diario, Na vertical da noite e No corazón mancado conforman a súa bibliografía.*



*cos ollos abertos pola insumisión no mundo*

1.-

Nalgures anda o sol erguendo as sabas  
da maná e o mar embaixo, grande, teso e póstumo.  
Nalgures morre un home  
cos ollos abertos pola insumisión no mundo  
do infinito alustre que foi a vida.  
E eu facendo versos, perdendo as palabras todas  
no camiño atento que non hai senon en min.  
Saco a cabeza pola fiestra e todo  
lucos arrebatánme a mornura, lucos brancas  
que son puntos de referencia, avisos  
contra a noite que máis quero: a noite para sempre  
coma un home coa voz e co seu voto,  
a noite libre para amar, a noite  
de atopares unha mau que brinda un aloumiño.  
Esta noite non está aló fóra, a cinco ou seis  
mil anos luz, esa sendistancia que nos manca,  
senon que a teño dentro  
e tócolle e pronuncio  
noite e chega ela, paseniño, co seu bafo  
e unha lingua ámame como a mellor benvida.

2.-

Perpetuaráse a espiral da espera neste sumidoiro  
de agosto cando os galos  
estiran o pescozo e ventan festa  
e morte porque cantan  
tristes como anuncio do cacharro que será  
o seu destino en pirixel (proteico valor).  
Pero nada vai vencer o seu instinto de abraiar  
á luzada, nesta hora  
quinta, cando venus anda lonxe e caen pedras  
oh sobre os corpos de Sarajevo e Mogadiscio,  
aló nas outras lindes do festín.  
Eu durmo sobre a mau,  
como outrora era a placenta de Antonia  
e ela puxo nesta mau un niño de carrizo  
para cando me fose necesario.  
E aló no mar non vexo  
que o ceo trone, porque un morto avanza  
desde a noticia e chega como anuncio  
en vinte millas no estanbai do barco.  
Na cunca dos meus ollos  
beben os raios do sol que aborta luces tímidas  
de alerta ou de buguina.

## M<sup>a</sup> do CARME KRUCKENBERG

*Naceu en Vigo; donde dende moi xoven comenzou a escribir poesía.  
Nestas datas ten deceseite libros publicados, así como dous discos editados por R.C. A. Española, un deles en galego. Seguramente o primeiro que saiu dempois da guerra do 36.  
Viaxou moito por Europa, América e Norde de Africa. E unha enamorada da súa terra. Sai, entra, vai e ven, sí, sempre volve a súa ría de Vigo.  
Ten un libro sen publicar, aínda. E comenzando outro.*



*Loita namentres te deixen esgrimir o vento*

1.-

Oubo un amor perdido  
polos vals e os outeiros,  
ata as ponlas do ameneiro  
e ata os caneiros do rio.  
Oubo o longo das idades  
unha pomba maldita  
arredor da anguria do home  
ata o corazón do pozo.  
E oubo un silencio persistente,  
un non querer ouvir  
o latexo do alén  
onde morre irremisiblemente a semilla.  
Depois non oubo nada,  
ne sequera nada.

2.-

Nada che importa unha magoa.

Loita namentres te deixen esgrimir o vento,

e xoga un intre coa paz da navalla.

Se podes, durme acochado contra un corpo belido,

agora que aínda é tempo.

Defendamos o mencer dourado

e a manseliña choiva

dos días calmos.

Defendamos as doces anoitecidas

cos labres expectantes...

Defendamos o ronsel de escuma

na ribeira da nosa eternidade.


E vivamos, nuhn feixe de corazóns,

alertos a diviña liberdade.

## XOQUIN AGULLA PIZCUETA

Naceu en Pontevedra no ano 1956. E profesor de E.G.B.. Foi presidente durante os anos 85-87 da Asociación de Escritores de Lingua Galega. Poñente en congresos en Euskadi e Cataluña, sobre a lei de propiedade intelectual, e o papel das Asociacións de Escritores, etc...

O seu primeiro libro de poemas publicou-se en 1981: **Cántigo**. Apartir de entón son numerosas as obras de todos os xéneros literarios que ten publicado, poden-se salientar: **Ensoños de Breila, Aquí fican melodías, Palabras maiores, Era unha vez o mundo do envés** (premio Teatro infantil de Xove), **A Caeira, O devalar das horas, A viaxe alucinante de Peter o cosmonauta.....**



..indocumentado, indixente e insolvente pero cheo de luz..



## HOME LIBRE CONTRA O FASCISMO DE EUROPA

*Cando os esmoleiros morrem, xa non se ven cometas no firmamento  
o propio ceo proclama a morte dos príncipes.*

Aprendera a liberdade na lectura dos poetas,  
coñecía a beleza a través da pintura,  
sabía que as matemáticas servían para resolver problemas  
non para crear dilemas irresolubles,  
na filosofía de Kant, Hegel, Marx, Sartre, Marcel y Zaratustra  
aprendeu a camiñar en sociedade,  
superou os seus complexos no existencialismo,  
na fenomenoloxía, na psicoanálise,  
e disfrutou onanizándose con Marilyn Monro,  
coa camelia en primavera e o solpor de outono.

Un día espertou e comprobou que as letras eran unha obsesión na súa vida,  
unha trampa o gas, a luz, o teléfono, o seguro do coche,  
unha trampa a empresa, o colexio dos nenos, a póliza de vida,  
e un día recibiu unha carta de facenda,  
unha carta da seguridade social,  
unha carta do concello, unha carta do xulgado,

.../...

.../...

só faltaba que unha bomba terrorista  
matáralle o fillo a carón do quiosque na quinta avenida,  
así coñeceu o despotismo ilustrado dos franceses.

Acendeu o coche, conduciu sen estrés bordeando a terra,  
por pistas e estradas abeirando a costa,  
de súpeto parouno a policía,  
o rádar marcaba vinte kilómetros demais da velocidade permitida,  
baixou do coche, pechou a porta,  
entregoulle as chaves a aquel imbécil funcionario,  
e soubo da resurrección de Arturo Ui,  
do nacional-socialismo á alemana.

Colleu o número de identificación fiscal,  
o número do deneí, a cartilla da seguridade social,  
a papeleta europea, española e autonómica,  
o contrato de butano,  
o de telefónica, o de fenosa,  
a cartilla do bbv,  
e fixo un lume azul de prusia,  
coel acendeu o derradeiro cigarro,  
quitouse a roupa e camiñou devagar  
no horizonte dos homes,

.../...

.../...


deixando atrás engano tras engano.

Moi lonxe atopou aramios con espinos,  
uniformes e máquinas de guerra,  
moi lonxe, que ninguén imaxinaba,  
recoñeceu a políticos demócratas,  
economistas, banqueiros e avogados,  
preparando a final da gran mentira.

Xa nú, en pelotas coma a dama espida de Goya,  
atoutiñado coma o extranxeiro de Camus,  
arredado do complexo de Edipo e mais de Electra,  
indocumentado, indixente e insolvente pero cheo de luz,  
sen crimes e sen medos, sen poutas e sen dúbidas,  
entrou no mar salgado, xa sen peixes,  
para voltar ó-ventre en busca da traxedia auténtica,  
para volver tal vez ó mundo do principio,  
para atopar un traballo, unha meta,  
un espacio e un tempo libre de mentiras....

## PILAR PALLARÉS

Naceu en Culleredo a Coruña en 1957. É profesora de Literatura Galega na Coruña. Dos seus ensaios podemos destacar: *Traballos sobre o Feminismo en Rosalía, A visión de Galiza en Dieste, A poesía de Cunqueiro e Luis Seoane*. Autora de *Rosas na sombra* (a poesía de Luís Pimentel), *Antoloxía do século XX*, e da escolma *Fillo de Eva, 88 poemas de Ricardo Carvalho Calero*. Ten dous libros de poemas publicados: *Entre Lusco e Fusco* e *Septima soidade*.



*¿Vas seguir cangando con ela?* de Miguel Anxo Vidal Solla

1.-

*Aos insumisos*

Considerando  
que ao tempo de el nacer  
morrian todas as épicas,  
que xa non se ensinava por entón na escola  
história sagrada  
e ignorava por tanto a cólera dos deuses,  
o éxtase dos santos,  
a silenciosa paixón dos eremitas.  
Descoñecendo os traballos de Hércules,  
os apelos do Alén ao Rei Arturo.  
Lembrando como única lenda  
algo que contava o avó sobre paseados,  
algo que cala a nai  
sobre revolucións soñadas e perdidas.  
Condenado a viver  
entre a violéncia disfarzada de finanzas,  
o horror de "savoir faire",  
de benestar a náusea,  
que alto ponto de miras o mantén

.../...

.../...

firme e insomne na noite da sua cela  
a el, que non é un herói,  
nen o soldado morto dun poema de Spender  
-demasiado xoven, caído torpemente  
ao pé dunha oliveira, nunca alvo dun beixo-,  
a el, que con certeza é só aquel rapaz do quinto  
que estuda  
ou que axuda aos pais vellos nas bateas  
e que máis dunha vez foi débil  
e se sentiu indigno e confundido,  
descrente dos paraísos,  
dos sublimes conceptos.  
Tan xoven e tan só na suxa noite.  
Agardando.  
Nun mundo sen lugar para os heróis.  
Lembra soldados mortos ao pé dunha oliveira.

2.-

Loito entre duas ordes?

sobrevivo

caladamente no ciclo das criptógamas  
na obstinación da tópia que non sabe  
que xamais ha ver a luz do sol

o meu ser animal procede da vontade  
a miña face humana  
nega-se ao instinto da reconciliación

o meu ser animal esquece e persevera  
trisca na erva mol

descansa no arredor

apura do regato a água desta sede  
do vento do serán o acougo desta ánsia  
e adormece confiado

seguro dunha voz que o acha e o arrecada  
e lle torna os tabáns  
e o leva á casa

o meu ser animal non teme o inverno

.....  
.....  
.....  
.....

## XABIER CORDAL FUSTES

*Nascin na Coruña, alá polo ano 1965. Son integrante do colectivo Ronseltz, participei en diversas publicacións: Luzes de Galiza, O Mono da Tinta, Animal, Agalia, A Trabe de Ouro... E tamén en recitais dentro e fóra do país.*

*O meu único libro, **Arianrod** -polo de agora- foi escrito entre os anos 1985 e 1991. Non tería sido posíbel sen Cariño, A Coruña, Bande, Compostela e Mondoñedo, e a música que resiste no povo, de Caaveiro a Dún na nGall, de Gwengamp ao Dubra. Os mellores silencios proceden da gúbia que me regalou Chus Pato.*



*A min si que me doi, España*

## CANTO FRACASADO V

### *españa(variacións sobre o tema)*

A min si que me doi España.  
A min si que me doi, España.  
Que me doooi... que siiii... home non me vai doer!  
Se España non me doese  
eu non teria sistema nervoso central  
Señor, Señor, quixen ser español  
doía tanto que inventei un país para fastidiar  
quixen ser epañol  
pero escollin o sistema parasimpático  
que ten que ver coa invención de países que doen menos  
(que idiota inventa unha pátria que doia máis?  
sobretudo tendo outra que doi menos aí, a un paso)  
por iso  
no manicómio se exílian aqueles que confunden a pátria  
din: a miña pátria é un oceano de nubes verdes  
podendo ser españois e enfermarse con coñecimento de causa.  
Un día, invadiron-nos. dixeron:  
“vós os poetas pensades que calquera cousa é unha nación.  
A xente non morre por nacións psicossomáticas”.  
O subliñado é meu.

## CANTO FRACASADO II

### *Dorna, gamela, ria e eu que estou só*

Morde o sol cos últimos pétalos a boca-ribeira.

Non, morde non. Tinxe.

Tinxe tampouco. Incéndia.

Incéndia o sol cos últimos pétalos a boca-ribeira

A boca-ribeira.

Eu estou sentado no mirador

e aparece unha familia nun coche con matrícula de Lugo.

## CANTO FRACASADO VII

### *Tecnología da paisaxe*

Dixo o Grande Xefe Americano Sol Que Se Pon Sobre Pátrias

Perdidas tras o seu paso por Harvard:

“Galiza xa non é nabiza

Tedes duas opcións

Breogán Dragados e Construcións

Se vos mirades o embigo

unha serpe vos devore a caluga

Se vos virades en cidade

a vosa terra abre as pernas

o home branco é un lagarto albar que comunica as terras

de Benavente a Pedrafitas

o home branco escava contra o seixo

o seixo son as colunas do voso templo

as árbores serían colunas do voso templo

agora

vós e o home branco buscades o perdón dos pecados

batendo contra as colunas de Compostela

porque no fondo busca abalar a fonte do perdón

por un conflito entre a frecha e a ferida

porque naceu nunha cultura patrilineal e secretamente a posesión da nai

.../...



.../...


representaria para el a conquista da amante e da sacerdotisa como de feito confirma a liña lacaniana da sucesión do poder a partir da linguaxe ou discurso que se consume a si mesmo desde o devoramento máis ou menos ritual da orixe do conflito, mui frecuentemente de tipo semiótico, que impulsa ás burguesías na encrucillada entre o Terceiro Mundo e unha sociedade tecnificada a elaborar dous códigos non necesariamente antagónicos:

1º Un achegamento formal ao sistema de intercambio chegado da metrópole que tende, mediante a reprodución falsificada do ritual económico (isto é: língua, contexto material), que tende, dicíamos, á obtención de riqueza por un mecanismo de contaxio en nengún caso profundo. Ese mesmo mecanismo se nutre dunha frustración constante pola falta de expectativas e conduz a:

2º Unha representación nacional subsidiaria con base apenas nominal nas forzas produtivas, exactamente do mesmo tipo que o erro antropológico do "bon salvaxe" de maneira que tal representación, pola súa propia dinámica interna, persegue o fin real de perpetuar a disgregación étnica e a estrutura económica da sociedade que proclama defender, e, así, non significa máis que un comportamento estanco do capitalismo mundial e o Estado colonizador en áreas inofensivas para o funcionamento do mercado e os poderes de coacción social e militar pagados polo Sistema.

## XABIER RODRIGUEZ BAIXERAS

